

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, A XUNTA DE CONFRARÍAS DA SEMANA SANTA DE VIVEIRO E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA SEMANA SANTA 2023

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e a Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro, para o apoio á celebración da Semana Santa 2023.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política

[Estrada Santiago Noia, km 3 \(A Barcia\)](#)
[15897 Santiago de Compostela](#)
[turismo.gal](#)





autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

O apoio ás festas de interese turístico é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Terceiro.- Que a Xunta de Confrarías da Semana Santa de Viveiro, en adiante, a Xunta de Cofradías, é unha organización sen ánimo de lucro dedicada á divulgación, promoción e organización da Semana Santa de Viveiro.

Cuarto.- A Semana Santa de Viveiro está considerada como unha das máis fermosas de toda Galicia e destaca polo grande valor histórico e artístico da súas imaxes. É ademais unha das celebracións relixiosas máis antigas da comunidade autónoma xa que se celebra de xeito ininterrompido dende o século XIII. No ano 1988 acadou a declaración de Festa de Interese Turístico Nacional e **no ano 2013 a de Festa de Interese Turístico Internacional.**

O casco histórico de Viveiro volverá a ser escenario da paixón e resurrección do Señor. As rúas e prazas de Viveiro volverán a revivir a Xerusalén dos tempos de Cristo.





Antes do comenzo da Semana Santa en sí, realizarase un amplo programa con numerosas actividades, dende os previstos no programa Adral (durante a Coresma) ata os propios da Semana de Paixón, que terán lugar, entre outros, nas igrexas de San Francisco, Santa María do Campo e das MM Concepcionistas. Conferencias, varias exposicións, actos musicais, ou a presentación da revista Pregón son a antesala da celebración, que como é costume dará o pistoletazo de saída co acto do pregón, previsto para o día 1 de abril.

Está prevista a edición dun libro sobre a vida e obra de D. José Rivas, imaxiñeiro moi vinculado á Semana Santa por ser autor de moitas imaxes na etapa de entre 1945 e 1953 que desfilan nas procesións.

Dende o Vía Crucis ao Vía Lucis, dende Venres de Dores ata o Domingo de Resurrección, desenvolveranse as 15 procesións previstas, así como nos innumerables actos litúrxicos, cuxos actos máis importantes serán de novo o Encontro e o Desencravo, que con figuras articuladas dan unha realidade caseque viva que fan que o espectador se manteña en tensión ante estes escenarios. Este ano cómprese o LXXV aniversario do paso da Entrada Triunfal de Jesús en Jerusalén, coñecido pola "Borriquita", pertencente á parroquia de Santiago.

Quinto.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Lalín unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

